

**HISTORIA AGRARIA E POLÍTICA DO MUNDO RURAL (HISTAGRA)** configurouse como Grupo de Investigación do SUG, no ano 2006, como resultado da reintegración de dous Grupos de Investigación preexistentes: “Política e mundo rural” (co Prof. Dr Ramón Villares como IP) e “Historia Agraria Contemporánea: Tecnoloxía, Sociedade e Historia”, do que o IP era o Prof. Dr. Lourenzo Fernández Prieto. Ámbolos dous Grupos de Investigación estaban adscritos ao Departamento de Historia Contemporánea e de América da USC (de feito derivaban dunha mesma estrutura de investigación no ámbito da Historia Agraria creada durante a década de 1980 polo Prof. Dr. Ramón Villares) que desenvolveu un intenso e pioneiro labor de investigación no eido da Historia Agraria, Política e Social do mundo rural galego e español durante máis de 30 anos, converténdose as súas publicacións sobre aspectos como a Reforma Agraria Liberal; o cambio tecnolóxico na agricultura ou o proceso de construción da sociedade civil rural, en referentes centrais da historiografía agraria española das derradeiras tres décadas e acadando á vez un notable impacto en países como Portugal, Francia, Italia, Arxentina ou Costa Rica.

Aínda que moitos dos membros do noso Grupo (a totalidade dos membros PDI) teñen traballado ou traballan simultaneamente nos campos da Historia Agraria e da Historia Política e Social do mundo rural e as colaboracións son a norma; a efectos prácticos existirían dúas sub-estruturas ou equipos dentro do Grupo, unha máis orientada cara á Historia Agraria (encabezada polo Prof. Dr. Fernández Prieto) e outra virada cara ao campo dos estudos de Historia Política e Social do mundo rural (co Prof. Dr. Villares Paz á fronte).

O equipo máis identificado actualmente co marcador Historia Agraria (nun sentido amplo) está composto por 12 membros (6 PDI; 3 Investigadoras en Formación en diferentes fases de realización das súas teses e 3 doutores que actúan como colaboradores externos). Este subgrupo desenvolve na actualidade as seguintes liñas de investigación:

#### **Historia Ambiental e Historia Forestal:**

Réximes de propiedade; usos históricos dos espazos forestais; monte e conflictividade social; coevolución dos sistemas sociais e naturais; a sustentabilidade ambiental no pasado; alternativas á crise ambiental.

#### **O Cambio tecnolóxico na Agricultura:**

Historia do entramado institucional da innovación; suxeitos e canais da innovación; modelos de adopción de tecnoloxía; racionalidade campesiña.

O equipo que desenvolve a súa actividade investigadora e de divulgación no eido da Historia Política e Social do mundo rural está conformado por 11 compoñentes: 6 PDI; 3 Investigadores en etapa de tese (dos que 1 é IFP e 2 son Colaboradores externos) e 2 persoas de apoio. As principais liñas de investigación nas que traballa no presente este outro equipo son:

#### **El mundo rural: del liberalismo a la Segunda República:**

Socialización política da poboación rural; as concepcións políticas no tempo; formas de difusión da cultura e o lecer; educación, modelos asociativos...

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional

### Guerra civil, franquismo y transición:

Represión e violencia na retagarda na Guerra civil; actitudes sociais e políticas da poboación no franquismo: resistencia e consentimento; conflito social e mobilización política no tardofranquismo e a transición.

### ORGANIGRAMA

NOME	CATEGORÍA PROFESIONAL	LIÑA DE INVESTIGACIÓN
Dr. Fernández Prieto, L.	Catedrático de Universidade (Coordinador)	Historia Agraria e Historia Política e Social Mundo Rural
Dra. Artiaga Rego, A.	Prof. Titular Universidade (Membro)	Historia Política e Social Mundo Rural
Dr. Balboa López, X.L.	Prof. Titular Universidade (Membro)	Historia Agraria
Dra. Barral Martínez, M.	Investig. Parga Pondal (Membro)	Historia Política e Social Mundo Rural
Dra. Baz Vicente, M <sup>a</sup> J.	Prof. Titular Universidade (Membro)	Historia Política e Social Mundo Rural
Dra. Cabana Iglesia, A.	Prof. Contratada doutora (Membro)	Historia Agraria
Dr. Cabo Villaverde, M.	Prof. Titular Universidade (Membro)	Historia Política e Social Mundo Rural
Dr. Lanero Táboas, D.	Investig. Parga Pondal (Membro)	Historia Agraria
Dra. López Rodríguez, M <sup>a</sup> P.	Cat. Escola Universitaria (Membro)	Historia Agraria
Dr. Míguez Macho, A.	Investig. Marie Curie (Membro)	Historia Política e Social Mundo Rural
Dr. Rico Boquete, E.	Prof. Titular Universidade (Membro)	Historia Agraria
Dr. Veiga Alonso, X.R.	Prof. Titular Universidade (Membro)	Historia Política e Social Mundo Rural
Dr. Villares Paz, R.	Catedrático de Universidade (Membro)	Historia Agraria e Política e Social Mundo Rural
Gonçalves, P.		Historia Agraria
Díaz Geada, A.	Bolseira FPU (IFP)	Historia Agraria
Díaz Villar, M.	Bolseira FPU (IFP)	Historia Política e Social Mundo Rural
Freire Cedeira, A.	Bolseira FPU (IFP)	Historia Agraria
Corbacho Glez, B.	Bolseira FPI (IFP)	Historia Agraria
García López, E.	Investig. contratada Convenio USC – CCG (PA)	Historia Política e Social Mundo Rural
Viveiro Mogo, P.	Investig. contratada Convenio USC – CCG (PA)	Historia Política e Social Mundo Rural
Dr. Gurriarán Rodríguez, R.	IES Xelmírez I (Santiago de Compostela) (Colaborador externo)	Historia Agraria

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional

Dr. Picado Umaña, W.	Profesor Univ. Nacional de Costa Rica) (Colaborador externo)	Historia Agraria
Leira Castiñeira, F.J.	Etapa de Tese USC (Colaborador externo)	Historia Política e Social Mundo Rural
Carbajo Vázquez, J.	Etapa de Tese. Univ. Salamanca (Colaborador externo)	Historia Política e Social Mundo Rural

A sé do Grupo de Investigación HISTAGRA localízase no Departamento de Historia Contemporánea e de América da USC, onde se sitúan a Dirección do Grupo, Xestoría científica e Secretaría administrativa, que dispón dun espazo físico propio, identificado co nome e a imaxe corporativa de HISTAGRA. O Grupo conta, por defecto, cos equipamentos técnicos cos que está dotado o Depto de Historia Contemporánea cos fondos bibliográficos, bases de datos e recursos on – line da Biblioteca da USC. Como produto da súa dilatada traxectoria investigadora HISTAGRA construíu bases de datos propias e xestiona, froito dun labor de localización, preservación e catalogación fondos documentais escritos, fotográficos e orais.

A mellora infraestrutural máis relevante dos últimos anos, foi o deseño e posta en funcionamento (decembro de 2011) dunha páxina web do Grupo: [www.usc.histagra.es](http://www.usc.histagra.es), que non só mellorou moito a proxección externa (académica e social) de HISTAGRA, senón que tamén se converteu nunha ferramenta para a nosa auto – organización e funcionamento colectivo e, polo tanto, axudou dun xeito importante á consolidación da nosa estrutura de investigación.

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional